

Orientacións para as PAU de Portugués  
-Directrices xerais

## CONTIDOS E ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Con carácter discrecional propóñense as seguintes orientacións:

### 1. CONTIDOS XERAIS

Con carácter xeral, os contidos das PAU de Portugués teñen como obxectivo básico e xeral a comprensión e o dominio do portugués falado e escrito nun nivel medio. Especificamente, os contidos teñen que orientarse á comprensión dun texto descoñecido de carácter coloquial, formal ou literario, mais que non debe incluír un vocabulario especializado (véxase tamén o DOG, do 1 de marzo de 2003, páxina 3.164, artigo 5.º parágrafo 2b). Enténdese que non debe marcarse un programa de contidos moi pormenorizado mais que os textos deben ter relación coa arte, a historia, a literatura, a política, a economía, a vida social e cultural, etc., dos países de lingua oficial portuguesa, visando integrar o estudo da lingua no contexto socio-cultural deses países. O estudantado ten que familiarizarse con diferentes niveis da lingua portuguesa: culto, formal, familiar etc., sen entrar no estudo de rexistros especializados e partir da situación lingüística e cultural galega e a súa proximidade con estes países.

### 2. CONTIDOS ESPECÍFICOS

2.1. No segundo curso de bacharelato, o/a estudante debe adquirir unha corrección media-alta da lingua escrita e unhas destrezas que lle permitan un uso creativo da lingua. Requirirase o dominio dos elementos morfossintácticos básicos.

2.2. Dominio dos aspectos relevantes do discurso: coherencia expositiva, cohesión dos elementos que interveñen no discurso, organización de ideas e planificación do discurso expositivo, argumentativo, instrucional etc.

2.3. O estudantado debe adquirir destrezas básicas para poder expresar calquera tipo de opinións. Debe saber explicar unha situación, predicir, facer hipóteses, expresar dúbidas e probabilidades, argumentar etc. Débese insistir na necesidade dunha reflexión e dun control da produción escrita. O estudantado ten que saber reconducir as súas estratexias discursivas e evitar as imprecisións contextuais. Debe expresarse con corrección utilizando adecuadamente as regras gramaticais.

2.4. O estudantado debe adquirir a habilidade de comprender un texto auditivo de dificultade media.

### 3. METODOLOXÍA

3.1. Recoméndase utilizar os recursos didácticos que cada profesor/a, no uso da súa responsabilidade e profesionalidade, estimar máis convenientes. Non se pretende delimitar ningunha técnica de ensino concreta.

3.2. Recoméndase de forma específica, e coa finalidade práctica de preparar as probas de selectividade, habituar o estudantado a ler os textos máis dunha vez.

#### **Elias J. Torres Feijó,**

coordinador da materia e responsábel pola elaboración do programa e elaboración de modelos de exame.